Andando por Bergantiños

RUTA POLAS PARROQUIAS CABANESAS DE BORNEIRO, CANDUAS E CESULLAS

14



Evaristo Domínguez Rial
Xan X. Fernández Carrera
Luís A. Giadás Álvarez
Antón García Losada

INSTITUTO DE ESTUDOS BERGANTIÑANS


Malpica
Barizo
Vilanova
MALPICA DE BERGANTIÑOS
Mens
Niñóns
Cerqueda
Cambre
Buño
Leiloio
Corme-Porto
Corme - Aldea
Brantuas
Cores
Nemeño
A Graña
Pazos
PONTECESO
Cospindo
Tella
Tallo
Xornes
Langueirón
Anllons
Corcoesto
Esto
Cereo
Verdes
Canduas
Laxe
Soesto
Serantes
Casullas
CABANA
Borneiro
Cumbrins
Silvarredonda
Valenza
San Xusto
Xuviña
Oca
LAXE
Sarces
Traba
Nande
Riobó
CORISTANCO
Castro
Coristanco
Traba
Anos
Nantón
Agualada
Ferreira
Erbecedo
Couso
Seavia
Cuns
Razo
Lema
Rebordelos
Caión
Noicela
Vilela
Lendo
Oza
Lemaio
Torás
Cabovilaño
Lestón
Erboedo
Coiro
Cances
Bértoa
Goiáns
LARACHA
Vilaño
Golmar
Soutullo
Soandres
Berdillo
Sisamo
Carballo
CARBALLO
Artes
Sofán
Montemaior
Ardaña
Rus
Aldemunde
Entrecruces



RUTA POLAS PARROQUIAS CABANESAS DE BORNEIRO, CANDUAS E CESULLAS

Evaristo Domínguez Rial
Xan X. Fernández Carrera
Luís A. Giadás Álvarez
Antón García Losada

ROTEIRO DA CAPELA DO BRIÑO Á PRAIA DO OURICEIRA

INTRODUCIÓN:

Este roteiro do Briño ata a praia da Ouriceira, pasa polas parroquias cabanesas de Borneiro, Canduas e Cesullas. Parte das terras chairas de Borneiro para logo descender de xeito pronunciado cara a enseada da Insua a través do camiño que segue a canle do regato dos Muíños. Unha vez chegado ao litoral continúa polo paseo que bordea o esteiro do Anllóns ata rematar na praia da Ouriceira.

Con este trazado de sur cara ao norte evitamos o ascenso brusco do camiño do rego dos Muíños que teríamos que soportar no caso de facelo ao revés. Ao facer este percorrido máis livián, permite que o poida realizar calquera tipo de público.

Trátase dunha ruta que transcorre por lugares de gran interese histórico, arqueolóxico, etnográfico, natural e paisaxístico. Entre os primeiros, temos a capela do Briño, o dolmen de Dombate, o castro A Cidá de Borneiro, as construcións de arte popular como cruceiros, hórreos ou muíños, e tamén a carpintería de ribeira. Polo que respecta aos valores naturais e paisaxísticos destacan a ribeira do rego dos Muíños e a enseada da Insua.

Polo seu doado trazado e polo seus valores patrimoniais, consideramos que este roteiro ten un interese didáctico, polo tanto recomendable para realizar cos alumnos ou alumnas dos centros escolares da comarca ou de fóra, pero tamén é moi apropiado para un público adulto con inquedanzas de tipo cultural o ecolóxico, polo que presenta as posibilidade dun atractivo recurso turístico para ofertar aos nosos visitantes.

PARADA 1: CAPELA DAS VIRTUDES E DO CARME DO BRIÑO

A capela do Briño e o espazo natural que a rodea atópanse, máis ou menos, no centro da parroquia cabanesa de Borneiro, que, a unha altitude próxima aos 200 m, ocupa o fondo dun val en forma de artesa, orientado de norte a sur.

Este val ou depresión flanquéano polo leste os montes de Borneiro, que nalgúns cumios acadan os 350 m, e polo oeste, os montes do Castelo que, cunha altura algo menor, fan de límite co veciño concello de Laxe; ao norte o val ábrese cara a Canduas e o esteiro do Anllóns e ao sur continuase pola Terra de Soneira.

Os terreos chans nos que se localiza a capela, desenvólvense sobre materiais brandos como os xistos, mentres que as alturas dos montes de Borneiro e dos montes do Castelo están formadas por rochas graníticas.

A rentes da capela do Briño discorre o rego de Fornelos que, logo de nacer moi cerca, na aba dos Montes de Borneiro, se dirixe, polo centro do val, cara o sur, ata desembocar no río Grande de Baio, cerca desta vila. Máis ao norte, tamén na ladeira occidental dos montes de Borneiro e nas proximidades do castro homónimo, nace o rego dos Muíños, que cunha forte pendente, descende a través da parroquia de Canduas, cara ao esteiro do Anllóns, onde desemboca, lamentablemente canalizado e tapiado, na Enseada do Lodeiro.

Cabe sinalar que arredor da capela do Briño esténdese un fermoso espazo con exemplares de carballos centenarios e, na entrada sur do mesmo, unha robinia (*Robinia pseudoacacia*), que por estas terras tamén chaman "sotín".

Non temos datos históricos sobre a fundación do santuario da capela das Virtudes e do Carmen do Briño, que tivo unha notable importancia nas terras da redonda, sobre todo despois da fundación da confraría da Virxe do Carme, que eclipsou á anterior da Virxe das Virtudes, a súa advocación primitiva.

Nas *Memorias* do cardeal Jerónimo del Hoyo (1607), non aparece citada esta capela, seguramente fundada uns anos despois.



Capela das Virtudes e do Carme do Briño

Fachada da Capela das Virtudes e do Carme do Briño



No campo da romaría, ademais da ermida e a carballeira, hai tamén unha fonte santa, que segundo a lenda, foi onde apareceu a Virxe. As súas augas son boas para sacar o mal do aire.

Na parte sur temos un cruceiro que data do ano 1622, pero foi trasladado ao lugar onde se atopa actualmente en 1899. Houbo tamén nas proximidades do santuario un hospital para acoller romeiros enfermos. Del tan so queda o nome dunha leira que sería onde estaba ubicado. No campo da romaría, ademais das festas da Virxe do Carme, o 18 de xullo, e a das Virtudes, o primeiro domingo de setembro, tamén se celebran as festas do San Xoán, patrón da parroquia.

A capela actual do Briño, conserva unha estrutura barroca, cunhas trazas semellantes a doutras do mesmo estilo como poden ser a da Virxe de Eirita ou a de San Roque, na parroquia de Anos. Todas elas teñen unha capela maior de forma cuadrangular máis alta que a nave. Mais esta capela do Briño levantouse sobre outra estrutura anterior de estilo tardogótico, posiblemente a comezos do século XVII. Vestixios desa construción anterior serían o arco triunfal lixeiramente apuntado, os arcos da bóveda da nave, así coma as esculturas pétreas que hai na fachada.

A planta da capela é de salón, con nave rectangular e capela maior cadrada. Arrimada á parte norte do presbiterio está a sancristía de forma tamén cuadrangular.

Presbiterio e sancristía, cóbrense con cúpula, mentres que a nave faino con bóveda apuntada, sostida or arcos faixóns, tamén con esta mesma forma. Arrimado ao muro sur hai un pórtico exterior de forma rectangular. No extremo sur deste mesmo muro érguese a torre campanario de forma cuadrangular.

Se observamos a bóveda da capela maior vemos que en cada triángulo que forman a pendente hai a escultura dun evanxelista co seu símbolo que o identifica, baixo un arco de medio punto pintado. Tamén na parte superior do muro norte e sur temos cadansúa figura. Nun lado, San Gregorio e no oposto, San Roque.

Conserva este santuario un retablo maior de interese, de estilo neoclásico, de finais do século XVIII. Consta no sentido vertical de banco, corpo principal e ático. O corpo principal divídese en tres rúas ou canles, a central, onde se sitúa o sagrario, é máis ancha cás laterais. Na da esquerda está a Virxe das Virtudes e na da dereita, a Virxe do Carme. No fornelo do corpo superior ou ático sitúase a Santa Bárbara. Esta distribución de imaxes do retablo non se corresponde coa que habería nun principio na que a Virxe das Virtudes, titular da ermida, ocuparía a fornela superior do altar.

Na parte exterior destaca a fachada barroca do século XVIII, de forma pentagonal. No seu eixe central de abaixo a arriba vemos unha porta alintelada, e riba dela unha fornela rectangular que acolle a imaxe da Virxe das Virtudes.

Logo ábrese unha fiestra tamén rectangular, e no vértice, sitúase a escultura de San Xoán Bautista, patrón da parroquia.

A cada lado da fornela central temos dúas imaxes: a da esquerda (ollando de fronte), é a de Santiago, e a da dereita, Santo André. Debaixo destas hai outras dúas figuras pétreas; á esquerda, San Paulo, e á dereita, San Pedro. Todas estas imaxes que decoran a fachada de estilo manierista, proceden dunha fachada do templo primitivo, e foron aproveitadas para a fachada barroca.

A romaría do Carme do Briño, tivo sempre moita sona. A súa devoción chegaba ata Laxe. Antigamente os mariñeiros deste porto daban un quiñón de sardiña para esta festa.



A Virxe das Virtudes, enriba da porta alintelada da fachada

Tanto a Virxe das Virtudes coma a do Carme, contaban con confraría propia. A do Carme data de 1750, e a das Virtudes é anterior.

Nesta había confrades de devoción e ganancia. Os primeiros tiñan tan só dereito a gañar as indulxencias concedidas polo Sumo Pontífice, mentres que os segundos, tiñan dereito ao xantar o día da romaría e a unha misa pola súa alma.
O poeta baiés Enrique Labarta Pose, dedicoulle un poema a esta romaría:

(...) festa tan boa que hai poucas
que poidan botarlle a perna (...)
Érguese a pequena ermida
onde a Virxe se venera.
do Carme, preto unha fonte
ia rente dunha alboreda,
á sombra da que se ven,



Detalle dunha das figuras (Santo André) da fachada da Capela das Virtudes, con decoración de tipo barroco

PARADA 2: DOLMEN DE DOMBATE

O túmulo e dolmen de Dombate, sitúase nunha zona chaira coñecida como o Chan de Borneiro, preto do lugar do mesmo nome, parroquia de Borneiro. Ten uns 24 metros de diámetro e 1,80 m de altura. Constaba dunha capa de terra cuberta parcialmente por unha coiraza pétrea formada por laxas depositadas horizontalmente e pedras chantadas e ben emprazadas no interior.

É o monumento megalítico máis coñecido de Galicia, e xa no século XIX chamou a atención do poeta Eduardo Pondal, cando de rapaz pasaba cerca del, camiño de Nemiña, a onde ía á escola:


Pasado Vilaseco,
lugar batido do aire,
no alto da costa de Ures,
de montesía canle;
pasado Vilaseco,
indo pola gandra adiante,
xa vía desde lonxe
o dolmen de Dombate.

E. Pondal

O dolmen consiste nunha cámara poligonal ancha formada por sete ortostatos, un dos cales mide 4,64 x 3 m, e un corredor de tres tramos, ben diferenciado en planta e en sección. A entrada estaba pechada cunha lousa vertical cuberta de pedras. Entre algúns ortostatos colocábanse lousas alongadas polo exterior, para así contribuír a pechar o oco. As fosas nas que se sustentaban esas grandes pedras, acadaban profundidades de 140 centímetros na cámara e 70 cm no corredor.

Baixo o túmulo coñecido, existiu un megálito anterior no tempo, coñecido como Dombate Antigo, de menor tamaño e complexidade, consistente nunha cámara simple, alongada e aberta, composta por nove ortostatos de aproximadamente 240x190 cm. O primitivo túmulo tiña 10,5 m de diámetro, e estaba cuberto por unha coiraza dunha soa camada de pedras.

Os ortostatos da cámara principal conteñen petróglifos. Ademais, todas as lousas, tanto na cámara como no corredor, contan con pinturas. Estas distribúense en dous rexistros horizontais separados por unha franxa avermellada de puntos vermellos e negros, sendo o conxunto unha composición na que prima a xeometricidade.



Esquema do dolmen de Dombate


A cor vermella era obtida a partir de óxido de ferro e o negro, a partir de carbón vexetal, posiblemente, aplicados sobre unha imprimación branca composta dalgún tipo de graxa mesturada con arxila. Unha das figuras máis enigmáticas varias veces repetida é á que Elisabteh Shee, lle chamou "the thing" (a cousa). Tamén se atopou unha fileira de idoliños, vinte en total, colocados de fronte ao corredor e no límite do túmulo, así como moi interesantes restos líticos e cerámicos.

En 2009 descubriuse que a cámara dispoñía dunha drenaxe que fai sospeitar que, desde o comezo, sufría inundacións.


Os estudos sobre o dolmen de Dombate, fan pensar que foi utilizado en catro diferentes momentos .

Período 1: corresponde co da súa creación, a que se produciu entre o 3800 a. C. e o 3600 a. C. Durante a segunda metade do cuarto milenio e os dous primeiros terzos do terceiro só se construíron dolmens .

Período 2: c. 3000 a. C., oportunidade durante a cal se preparou e utilizou por primeira vez a área de acceso.


Castelo de Lourido
Os Muiños
Monte de Sinde
Pena do Raposo
Seixoso
Os Paramos
Armada
Ternande
A Lagoa
A Aveeira
Cruceiro da Portela
Pico de Sinde
O Carballal
O Pión
A Pena
A Fontefría
Fernandiña
A Balsa
Rego LC-430
K2
Ponte da Balsa
Rio de Valdepereiro
Muiño da Balsa
O Roncaduiro
A Cidade Celta
Costa do Sanamedio
As Furocas
Monte Gontón
Monte Agrelo
Vilaseco
K3
Pedra da Moa
Borneiro
(San Xoán)
A Gándara
Cruceiro da Balsa
Bloimon de Dombate
A Porreira
As Rozas
Borneiro
Monte de San Lourenzo
Dombate
Castelo de Borneiro
O Esmoris
Cruceiro Novo
Cruceiro Vello
Iglesia do Lobo
Monte da Cruz
K.4
Vista Alegre
Castelo de Muriño
Monte da Agrela
A Entesta
Capela de Nosa Señora do Carme
Fornelos
O Briño
Muriño
A Xunqueira
Rego da Agrela
Rego da Fonte
Ponte das Pedras
Rio Esmoris

Borneiro


Canduas
Cesullas
Punta do Monte Branco
Monte Branco
Illa dos Cagallóns
Punta do Curro
Praia do Medic
Punta de Valarés
Neaño
A Áspera
Orexeira
O Valado
As Redondas
O Bronllo
O Penedo
Punta do Rastrelo
Furna dos Bolos
Punta de Candrás
Punta Escanavada
Furna de Valouta
Punta de Padrón
Praia das Vacas
Praia das Maseiras
Punta de Taboído
Insuela
Monte de Taboído
Os Picotos
A Barra
Punta Fustingues
Furna do Corvo
Caduleira
Os Pazos
Pendón
Cuncharedo
Santaña
A Lagoa
A Catuxa
Os Ballotes
San Pedro
LC-431
Monelos
A Gatiñeira
Taboído
Cruz do Cabalo
Pedras dos Bolos
Monte de San Pedro
O Relanzo
Os Castros
Enseada do Lodeiro
A Telleira
A Carballa (Cabana)
Monte do Muíño
Canduas (San Martiño)
Miras
As Revoltas
Outeiro
As Grelas
Sinde
O Buzaco
Pedra Cuca
A Fontenla
O Muíño
Monte da Capela
A Arnela
Tras da Agra
Cesullas (Santo Estevo)
O Esqueiro
O Burgo
A Igrexa
Portela da Barda
As Milleiras
Capela de San Fiz
Ures
O Casteliño
Cruceiro do Rego da Igrexa

Período 3: c. 2700 a. C. cando, finalmente, se pechou o corredor, comezando alí o uso ritual.


Período 4: último período de utilización, posiblemente coincidente coa cultura do vaso campaniforme.

O sitio foi escavado polo arqueólogo José María Bello Diéguez nos anos 1987, 1988 e 1989 e durante 20 anos estivo a escavación á intemperie ou protexida por unha cuberta de plástico negro moi deficiente, sufrindo as pinturas e o monumento, en xeral, un gran deterioro.



O dolmen de Dombate durante a escavación

The thing: (A cousa)



No 2008 deuse por perdido o dolmen antigo, unha das principias características desta anta que implicaba unha reutilización do mesmo en épocas distintas. Non se teñen noticias desta reutilización en ningún outro túmulo de Galicia.

No 2009 adxudicáronse as obras a unha empresa para que realizase a musealización definitiva do dolmen e a súa contorna nun prazo de dez meses e cun orzamento superior ao millón e medio de euros.

No 2011 completouse a cuberta que protexe o dolmen da intemperie, aínda que seguían os traballos de restauración e estudo.

No 2012 inaugurouse unha réplica da cámara, porque o acceso á orixinal está prohibido, para evitar un maior deterioro do monumento.



Edificio que, na actualidade, cobre o dolmen de Dombate

PARADA 3: CASTRO A CIDÁ DE BORNEIRO

Sitúase este recinto castrexo sobre un pequeno outeiro, desde o que enxergamos a enseada da Insua e parte da ría de Corme e Laxe. Está circundado pola súa parte leste polo regato dos Muíños, que desemboca na enseada do Anllóns. Podemos acceder a el a través de dous camiños que parten da estrada de Baio a As Agrelas: un pola banda leste, logo de atravesar o regato, e outro, pola banda oeste.

Foi o primeiro castro galego en ser cientificamente datado co método do carbono 14, isótopo radioactivo presente en todos os seres vivos e que se vai degradando ata quedar reducido á metade cada 5 730 anos.

Estivo habitado entre os séculos IV e I a C, sen terse observado signos de romanización. Foi descuberto en 1924 por Isidro Parga Pondal e Pérez Bustamante. As escavacións comezaron nos anos 30 dirixidas por Sebastián González García-Paz, e renováronse nos anos 70 con Jorge Juan Eiroa.

Na década dos 80 realizáronse os traballos máis concienzudos, da man de Ana Romero Masiá. Nelas atopáronse múltiples fragmentos de cerámica indíxena, urnas de bronce e ferro, muros de pedra, moldes de fundición, doas de vidro, etc; actualmente expostos no Museo Arqueolóxico da Coruña. Tamén se teñen localizados cuncheiros que nos falan de que os moluscos bivalvos que extraían da ría na zona de Canduas, formarían parte da súa alimentación cotiá. Na actualidade tense escavado un total de 36 construcións (unhas tres cuartas partes do total).

O conxunto (de 90 por 55 metros) está rodeado en todo o seu perímetro por un foso e dous muros defensivos. A excepción está polo lado leste, onde a pendente brusca da aba actúa como defensa natural.

Ademais do recinto principal existe unha zona coñecida como Barrio Extramuros no lado leste, coincidindo coa entrada ao castro. Este segundo conxunto está formado por unha gran vivenda ovalada, dúas fontes con desaugue e un forno circular que no seu momento debeu de estar cuberto por unha bóveda.

As vivendas son circulares ou cuadrangulares coas esquinas redondeadas, destacando polo seu bo tamaño en comparación con outros xacementos castrexos similares. Crese que as de forma cadrangular son máis recentes que as circulares.

Na propia parroquia de Borneiro, no alto dos montes que a separan do Allo e Cesullas, érguense as defensas doutro castro, moito menos coñecido.



Estado actual do castro de Borneiro

PARADA 4: REGO DOS MUÍÑOS:

Na aba occidental dos Montes de Borneiro e nas proximidades do castro de Borneiro, nace o rego dos Muíños, que con dirección norte, e ao longo duns 3 km, descende a través da parroquia de Canduas cara ao esteiro do Anllóns, para desembocar na enseada do Lodeiro.


O feito de que no seu curso alto, que aproximadamente representa a metade da súa lonxitude total, vaia encaixado e presente unha forte pendente, foi aproveitado para construír unha ringleira de muíños que prestarían servizo aos veciños destas parroquias; hoxe en día perderon o seu uso e, menos un rehabilitado como refuxio, están esborrallados.



Tramo da "Ruta dos Muños"

O que si está ben conservado é o bosque de ribeira que se estende por ambas beiras, sendo o ameneiro (*Alnus glutinosa*) a especie dominante, abundan exemplares vellos e novos, formando nalgún tramo unha verdadeira barreira vexetal; ademais, ao contrario do que sucede no curso do Anllóns, non se ven exemplares atacados pola praga fúnxica da grafiose.

Tamén hai bos exemplares de salgueiro (*Salix atrocinerea*), e, xa preto da desembocadura, hai, na beira esquerda, un magnífico exemplar de freixo (*Fraginus excelsior*).



Esquema dun muíño, (segundo Xaquín Lourenzo)

Dicir finalmente que, como exemplo de cartos mal gastados, boa parte do camiño que abeira o regato está pisado de táboas (coidado que se esvara fácil!) e que, para rematar a faena, a desembocadura do regato foi canalizada e tapiada, privando así a este fermoso río de morrer dignamente no mar.



Magnifico exemplar de freixo case ao final da "Ruta dos Muíños"

PARADA 5: A CARPINTERÍA DE RIBEIRA

A tradición da carpintería de ribeira na zona da Telleira vén de antigo. Xa no século XIX hai constancia documental da construción de embarcacións nesta parte do esteiro do Anllóns.

Esta actividade acadou o seu máis auxe nas primeiras décadas do século XX, sobre todo durante os anos da Primeira Guerra Mundial, cando a exportación de madeira de piñeiro para os países europeos era moi intensa. Eugenio Carré Aldao na obra *Geografía del Reino de Galicia*, fai referencia á existencia destes estaleiros, aínda que o fai cando se refire ao porto de Corme. *"Son dos los astilleros con que cuenta actualmente, y uno de ellos con todos los servicios necesarios, incluso un aserradero mecánico para maderas de todas las dimensiones. Los buques que se contruyen son para San Sebastián, Bilbao, Gijón, Coruña, Corme y otros puertos. Como el calado de la barra de la Telleira, en donde se hallan, no permite la salida de buques mayores, no pueden construirse de gran puntal."*

Salvador Parga Pondal, na súa tese doutoral *Comarca natural de Bergantiños*, fálanos tamén da importancia desta carpintería da zona da Telleira, situada nos lugares de Taboído e As Revoltas, un lugar moi axeitado para esta actividade pola súa situación e por estar abrigado dos temporais de inverno.

Segundo este autor, *"Teñen un serradoiro mecánico para madeiras de todas dimensións. Dedícanse á construción de lanchas, traíñas, motoras, e barcos de cabotaxe ata de 300 t para as que empregan madeira do país. O carballo, para a costelaxe, e o piñeiro do país, para o resto da embarcación".*

Infórmanos tamén que estes mesmos estaleiros servían de punto de amarre dos barcos dos portos da ría durante os fortes temporais de inverno por ser un lugar resgardado.

Durante a segunda metade do século XX, chegou a haber ata tres estaleiros. O máis antigo era o do *Baladiño*, que se fundou xa nas primeiras décadas dese século. Logo estaba o de *ROSEVA, SA*, sociedade creada a comezos dos oitenta, aínda que as súas orixes viñan da década dos cincuenta. E por último, *O Tecelán*, fundado cara a 1972, no lugar onde xa houbera outro anterior.

Actualmente esta actividade está esmorecendo debido á crise do sector pesqueiro, que fixo que o número de embarcacións de pesca artesanal se reducise moito, e tamén pola utilización de novos materiais na construción dos barcos, como é o caso do poliéster.

PARADA 6: RÍA DE CANDUAS E ENSEADA DA ÍNSUA

Desde o lugar de As Grelas, onde desemboca o rego dos Muíños ofrecésenos unha marabillosa paisaxe na que se encontran o mar, o río e a terra, e que dan lugar ao Espazo Natural do Esteiro do río Anllóns. Formando parte deste espazo, vemos fronte a nós a Barra e monte Branco, a primeira é unha frecha de area de 1400 m na preamar e 1600 m na baixamar que pecha o esteiro do Anllóns.

Sobre esta barra a acción do vento desenvolveu un campo de dunas, logo estabilizado pola vexetación; máis recentemente formáronse outras dunas, de avance NE, aínda activas.

Tamén, os ventos do suroeste son os responsables da formación dunha placa eólica que cobre a ladeira sur de monte Branco ata unha altura de 80 m.

Á esquerda da Barra ábrese a ría de Corme e Laxe, ou como se denominaba de antigo, ría de Canduas; a súa formación estaría relacionada coa existencia de fallas de dirección NO-SE e a conseguinte fractura en bloques deste tramo da costa, entre dous bloques elevados, que serían a Punta do Roncudo e o Cabo de Laxe, situaríase un bloque afundido ou "corredor" polo que o mar avanzou cara o interior orixinando a ría.

Á dereita da Barra, cara ao interior, esténdese a enseada da Insua que ocupa a maior parte das case 600 ha deste espazo natural. Trátase dunha chaira intermareal onde conflúen as augas fluviais e mariñas e na que, ao quedar pechada parcialmente pola barra areosa, se depositan os materiais que estas arrastran.

Neste ambiente sedimentario diferénciase polo menos dous sectores ou hábitats: un tramo interior lamacento e enchoupado que, ao ser colonizado por plantas adaptadas a estas condicións, deu lugar ás marismas e unha chaira de limos e bancos de area que se estende ao longo da beira dereita, dominada polo monte Branco, e que queda ao descuberto coa marea baixa.

Adaptadas ás condicións destes hábitats encontramos unha rica diversidade de flora e fauna que fan deste espazo un dos complexos litorais máis destacados do NO de España. O seu coñecemento é debido, en gran medida, ao ornitólogo José Luís Rabuñal Patiño, que desde o ano 1979 e con máis de 2 735 visitas contabilizadas, vén realizando un sistemático traballo de campo sobre a fauna de vertebrados terrestres e, sobre todo, da avifauna do esteiro do río Anllóns. Segundo a información aportada por el, neste espazo natural encóntranse, como mínimo, oito especies de anfibios, seis de réptiles e vinte e seis de mamíferos.



Esteiro do Anllóns con parte da barra e o Monte Branco

En canto a avifauna, foron observadas un total de 289 especies de aves, cifra que supera a de calquera outro espazo de Galicia. A situación deste espazo costeiro convérteo nunha necesaria etapa de descanso e obtención de alimento para moitas aves mariñas que seguen unha importantísima ruta migratoria que vai desde as rexións setentrionais de Europa e Asia occidental, onde nidifican, ata latitudes máis meridionais que as que corresponden a Galicia.

Igualmente, pola súa situación, é o mellor lugar de toda a Península Ibérica (e probablemente de toda Europa occidental) para poder observar especies da avifauna de América do Norte, que na súa migración anual cara a América do Sur, perden a ruta, intérnanse no océano Atlántico, e alcanzan as costas europeas e o esteiro do río Anllóns.

O actual paseo de 3,1 km entre a Enseada do Lodeiro en Canduas e a Ouriceira en Cesullas, constitúe un bo observatorio ornitolóxico das especies existentes na enseada da Insua, especialmente durante o inverno, cando as concentracións de anátidas e limícolas chegan a alcanzar importancia nacional, ofrecendo sempre unha notable variedade de especies.

En canto á flora deste espazo, dicir só que, segundo o científico citado, a presenza dunha colonia de máis dun milleiro de exemplares da boraxinácea *Omphalodes littoralis* (subsp. *gallaecica*), unha planta extremadamente valiosa e en perigo de extinción, sería suficiente, por si soa, para conferir un valor sobresaliente a este espazo natural.


O aproveitamento marisqueiro da enseada da Insua lévao a cabo a Agrupación de Mariscadoras "Río Anllóns", creada no ano 1985. Actualmente formada por 28 mariscadoras, que anualmente se encargan de presentar á Consellaría de Medio Rural e do Mar un Plan de Explotación no que se recolle a xestión dos bancos marisqueiros, o plan de semicultivo, a vixilancia, etc. Cada semana a agrupación envía mostras ao INTECMAR para o control microbiolóxico e biotoxinas mariñas, e así extraer o berberecho en perfectas condicións sanitarias.



Mariscadoras en pleno traballo

Entre os meses de abril e xuño, realizan labores de traslado de semente e retirada de algas para favorecer o crecemento do marisco. Tamén se fan ao longo do ano labores de vixilancia.

Desde o ano 2010 esta agrupación dispón dunha depuradora de mariscos bivalvos, que lle permite comercializar o berberecho directamente.



Volume de produción da Asociación de Mariscadoras

IBLIOGRAFÍA

CARRE ALDAO, E. (ca.1928): ***Geografía del Reino de Galicia*****; Provincia de La Coruña, tomo VI (Reed. 1980); A Coruña**

DOMÍNGUEZ RIAL, E, FERNÁNDEZ CARRERA, X, GARCIA LOSADA, A. e GIADÁS ÁLVAREZ, L. (2003): ***Andando por Bergantiños. Parroquia de San Estevo de Cesullas*****; Concello de Cabana de Bergantiños**

FERNÁNDEZ CARRERA, X. X. e VILAR ÁLVAREZ, M. (2011): ***Romarías da Costa da Morte*****; SEMESCOM, Vimianzo.**

GAREA, F. e GIADÁS, L. (1995): ***Cabana: análise histórica e social*****, Concello de Cabana de Bergantiños**

HOYO, J. del (1952): ***Memorias del Arzobispado de Santiago*** **(1607); edición de A. Rodríguez e B. Varela Jácome; Porto Editores, Santiago**

LEMA SUÁREZ, X. M. (1999): ***Arquitectura megalítica na Costa da Morte (antas e mámoas)*****; Asociación Neria; Cee**

LEMA SUÁREZ, X.M. (1993): ***A Arte Relixiosa na Terra de Soneira*** **(3 tomos); Fundación Universit aria de Cultura, Santiago**

PARGA PONDAL, S. (1950): ***Comarca Natural de Bergantiños*****; edición da Asociación de Desenvolve mento da Comarca de Bergantiños (ano 2010); Buño (Malpica de Bergantiños).**

RODRIGUEZ CASAL, A.A.(1975): ***Carta arqueológica del Partido Judicial de Carballo de Bergantiños;*** **Concello de Carballo**

ROMERO MASIÁ, A. (1987): ***Castro de Borneiro. Campañas 1983/84*****; Dirección Xeral de Cultura e do Patrimonio Histórico-Artístico**

VARELA VARELA, X. M. (1999): ***Cabana de Bergantiños. Guía de Itinerarios*****; Concello de Cabana.**

VARELA VARELA, X.M. (1998): ***Tralas pegadas da historia nas beiras do Anllóns. Viaxe desde as pegadas dos primeiros poboadores ata a construcción artesanal de embarcacións de madeira*****; Concello de Cabana de Bergantiños, A Coruña**


INSTITUTO
DE ESTUDOS
BERGANTIÑÁNS